

AER PREGÚNTASE, QUE PASA CO ENTROIDO DO VERÁN DE REDONDELA?

O vindeiro sábado 20 de agosto celebrarase un ano máis o Entroido de Verán de Redondela. En virtude das intencións manifestas polo goberno municipal trala pasada edición de reformular este evento, ante o descoñecemento xeneralizado do estado da organización do Entroido de Verán e unha vez examinada a seguinte documentación:

- Bases reguladoras e normas para a instalación barras exteriores nas terrazas dos establecementos de hostalaría e postos para venda de comidas durante o Entroido de verán.
- Bases reguladoras para a instalación barras polos establecementos de hostalaría no recinto da festa do Entroido de Verán.

Procedemos a dirixirnos ao goberno local de Redondela para que nos contesten ás seguintes cuestións e se informe convenientemente á veciñanza de Redondela:

- Cal é o orzamento correspondente ao Entroido de Verán, detallando ingresos, financiación, axudas a recibir, doazóns, aportación pública, como gastos en loxística, actos programados, seguridade contratada, seguros, custe das forzas públicas e de protección civil asignadas ao evento, publicidade e difusión, etc?
- Cal é o protocolo e medidas que se van a establecer para evitar que, tal como ten acontecido en edicións pasadas, certa parte dos asistentes ouriñen nos portais e entrada dos edificios do centro urbano de Redondela?
- Cal é o protocolo e medidas que se van a establecer para evitar que, tal como ten acontecido en edicións pasadas, a Alameda de Redondela se converta nun “botellómetro” improvisado paralelo ás actividades oficiais e programadas dentro do propio Entroido de Verán?
- Cal é o protocolo de control de venda de bebidas alcohólicas a menores de idades?
- Que convenio existe asinado entre o Concello de Redondela e a Asociación de Empresarios de Redondela para a organización do Entroido de Verán 2016?
- En virtude de que normativa ou ordenanza se atribúe a regulación da ocupación de espazo público a unha asociación privada allea ao Concello para o Entroido de Verán?
- En virtude de que normativa se establecen diferentes cotas a hostaleiros de Redondela por ocupación de espazo público durante o Entroido de Verán?
- En virtude de que normativa a unhas empresas se lles require para a instalación de posto no Entroido de Verán, acreditar o pago do último recibo de autónomos, alta no IAE e estar en posesión de manipulador de alimentos, quedando eximidas as empresas socias da asociación entidade privada sectorial?
- En virtude de que normativa ou procedemento se faculta á sede da Asociación de Empresarios de Redondela (R/ José Regojo, 2-1ºB, Redondela, en horario de 9:00-14:00h) a funcionar como rexistro municipal para presentación de solicitudes barras no Entroido de Verán?
- Quen é a “organización” do Entroido de Verán que se indica no apartado “PROCEDIMENTO DE ADMINISTRACIÓN DE SOLICITUDES” de instalación de barras, que avaliará as solicitudes presentadas?
- Quen é o “comité organizador” do Entroido de Verán que se indica no apartado “PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES” que as someterá a consideración?
- Quen é/son o/os representante/s do Concello dentro do “comité organizador”?
- Que responsable do goberno local asina as bases anteriormente indicadas para a instalación de barras no Entroido de Verán 2016?
- Que seguro de responsabilidade civil ten contratado e con que cláusulas específicas a “organización”

cubrirá un evento de tal magnitude que atraerá a miles de asistentes, con diversos actos realizados en diferentes localizacións do casco urbano de Redondela?

- Que seguro de responsabilidade civil cubre ás barras instaladas na rúa, o do Concello ou contarán con seguro propio?
- As actividades promovidas polos establecementos colaboradores teñen seguro propio ou faise cargo o Concello?

Redondela, 8 de agosto de 2016